

REPSOL E A FUNDACIÓN PAIDEIA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- **O director da refinería de Repsol e a presidenta da Fundación Paideia Galiza asinaron a renovación do convenio que ambas as entidades manteñen desde 2013.**
- **Entre as liñas de actuación previstas no acordo destaca a integración laboral a través de cursos de formación e proxectos de mobilidade que permiten a realización de prácticas e bolsas en estancias transnacionais.**

O director da refinería de Repsol na Coruña, Javier Sancho, e a presidenta da Fundación Paideia Galiza, Sandra Ortega, asinaron a renovación do convenio de colaboración que ambas as entidades manteñen desde o ano 2013. O acto de firma tivo lugar na sede da Fundación Paideia na Coruña.

Con este acordo o complexo industrial de Repsol destinará 18.000 euros á Fundación Paideia para impulsar accións formativas dirixidas a persoas con capacidades diferentes e de mozos en risco de exclusión social co obxectivo de favorecer a súa formación e capacitación para o emprego.

Entre as liñas de actuación previstas destaca o desenvolvemento de cursos de capacitación e accións de mobilidade transnacional con prácticas en empresas. Derivados das accións de formación do convenio recentemente finalizado, celebráronse 25 contratacións e espérase unha cifra similar no que agora comeza.

Con este convenio, a compañía Repsol e a Fundación Paideia Galiza reforzan o traballo conxunto que desde 1996 desenvolven con distintas colaboracións centradas en proxectos de emprego a través de diferentes áreas da empresa enerxética.



Repsol e a discapacidade

A integración de persoas con capacidades diferentes é parte crave da política de diversidade e igualdade de oportunidades do grupo Repsol, que entende a diversidade como un valor fundamental: actualmente conta con preto de 600 traballadores con capacidades diferentes. A compañía conta cun comité de diversidade e conciliación impulsado pola alta dirección e dedicado por completo a unha mellora continua nas prácticas da empresa nestes aspectos.

O traballo de Repsol neste sentido viuse recoñecido con numerosos recoñecementos, como o Premio Reina Sofía, o Premio Foro Xustiza e Discapacidade, o Premio Discapnet da Fundación ONCE ou o Ability Award á gran empresa privada en integración, entre outros.